

Ensaio Malia dialogaren disque por conta de feminismos antagónicos, ‘O natural é político’ de Teresa Moure e ‘Anti-natura’ de M^a Xosé Queizán cadran en querer visibilizar unha relación doada entre teoría e práctica

Natureza e naturalismo

O último ensaio de Teresa Moure comeza cunha declaración de perplexidade: “Teño a sensación de que, mesmo nas opcións de esquerda, os líderes políticos (a pesar de se presentaren tan carismáticos, informados, internautas avezados con blog propio) non se decatan de que todas as revolucións están necesariamente conectadas” (páx. 7). Esta impresión, que tan de cheo se relaciona coa sospeita, central no pensamento feminista, de que a dobre militancia era case ineludible na chamada “segunda onda”, semella ser unha das premisas que o ensaio de María Xosé Queizán, pola contra, tenta desbotar. Se Moure traiza unha liña continua entre feminismo e ecoloxismo facendo ecoar no seu título un dos seus lemas fundacionais, Queizán asómbrese de que aínda hoxe haxa que repetir que o feminismo é a chave mestra, única loita verdadeiramente transversal no camiño cara á superación dunha democracia “tolleita” (páx. 8). A súa non é unha postura verbo da unión de forzas, senón da discriminación alerta de aliados. Neste senso, ambos os dous textos semellan dialogar en clave antagónica.

MASCULINIZACIÓN DO PENSAMENTO

Moure, ao tempo que explica a diferenza entre ecoloxismo (gnose) e medioambientalismo (pose), achéganos á idea de que o primeiro abrangue varias causas: a primeira, a de non contribuírmos á deterioración da terra. Canda esta, as causas nacional, anticapitalista e feminista. A autora advirte, porén, que calquera esperanza por manter a coherencia ten de ser abandonada. A súa retórica, ben realista, é a da calexa sen saída: “En realidade non ten nada de ecolóxico mercar unha camisola co rótulo ‘faino verde’ porque, de ser barata, fabricaríase baixo condicións de explotación e, de ser cara, xerará unha plusvalía destinada a enriquecer petos xa rebordantes” (páx. 8). Perante a política de máximos moureana e a inelutable frustración que nos agoira, Queizán critica a tendencia ao catastrofismo: a apropiación que os que chama “apocalípticos de esquerda” (páx. 69) fan do discurso progresista, pois tenden a identificar o inimigo cun ente arredado (os Estados Unidos) e desfiguran as causas para a loita e o esforzo ata facer delas arelas informes, deslocalizadas, incapaces de mover a un módico optimismo. O ton de Queizán chega a ser moi sarcástico. A súa alianza intelectual e política cun discurso racional que evite os idealismos tendenciosos nos que caen decote algunhas posturas nacionalistas, feministas e liberalistas lévaa a negar concesións. O debate sobre ecoloxismo, tan susceptible de ser *naturalizado*, ela péchao con afouteza: “Asociar a defensa dun mundo limpo, plácido, san..., coa condena do capitalismo, do mercado, da explotación..., é o que lle permite a ese mundo alternativo considerarse de esquerdas” (páx. 66-67).

Anti natura-
María Xosé Queizán ·
Xerais, 2008 ·
136 páx · 15,25 euros



O natural é político-
Teresa Moure ·
Xerais, 2008 ·
224 páx · 16,50 euros



No que atinxe ao debate feminista, as posicións son outra vez encontradas. Os argumentos moureanos alíanse co que Rita Felski chamou feminismo romántico, que avoga pola existencia dunha “esfera feminina subhistórica” (Daniel Watkins, 1996) á cal as mulleres acoden como fonte de identificación e para fundamentar a súa subversión do patriarcado. O problema con esta postura, que Queizán apunta, é que este feminismo basea o seu desexo de transgresión no enaltecedo de valores femininos que se pretenden fóra do patriarcado: a tenrura, o entendemento do éxito social a través da relaciónalidade, a identificación coa natureza, a maternidade como instinto amoroso natural, libre de amarres socializantes. En liña co exposto en ensaios anteriores, sobre todo en *Racionalismo político e literario* (Xerais, 2004), Queizán chama a atención sobre o perigo de cismarmos en lides que teñen máis de psicolóxico (mesmo de estético) que de material e aponlle ao feminismo da diferenza unha traza de irracionalismo que, en última instancia, o incapacita para o progreso. A súa repulsa é clara cando, coma noutros puntos do ensaio, recorre ás aspas: “Un ‘feminismo’ máis próximo do particularismo antiuniversalista e do relativismo cultural; un feminismo que renega da ciencia e da tecnoloxía e concibe a cultura como idealismo; un feminismo que propón as ‘virtudes’ femininas como poéticas e a escrita da muller como ‘Escrita do corpo’, interpretando isto [...] desde a concepción humana dualista da separación entre mente e corpo” (páx. 131). Queizán despeza o modelo de coñecemento ilustrado, que enxalza a definición do racional como obxectivo. Como argumentara Karl Stern en *The Flight from Woman* (1965), e con el unha sección importante da teoría feminista, entende que esta versión de racionalismo vén sendo o froito dun proceso de “masculinización do pensamento”, a fuxida arrepiada do corpo, da *res extensa*, do corazón, do sangue. A respecto deste debate, Queizán busca unha redefinición da razón. Moure busca unha alternativa.



The Heisenberg Magic Mirror of Uncertainty. // Duane Michals

Movidas por un desexo de promover cambios nos comportamentos sociais, as autoras salferen o texto con exemplos, casos, feitos: formas de suscitar a acción mediante palabras

Con todo, estes dous ensaios converxen nalgúns puntos. Ambos os dous buscan visibilizar unha relación doada entre teoría e práctica. Movidas por un desexo de promover cambios nos comportamentos sociais, as autoras salferen o texto con exemplos, casos, feitos: formas de mover á acción a través da palabra. Vétese tamén directrices e consellos alí onde a chamada á acción se fai máis perentoria. Así no que concirne ao consumo de carne (e ao consumo en xeral) no caso de Moure, ou á vivencia da sexualidade e as lecturas antipatriarcais da cultura no caso de Queizán (véxase por exemplo a súa crítica ás teorías freudianas), ambos os dous textos acadan un nivel de didacticismo que chegou a alienar a esta lectora. Non tanto pola retórica directa e impetuosa á que recorren, que as leva, no

caso de Queizán, a aclarar que a prédica non vai dirixida a ninguén en particular (páx. 65), senón porque a ideoloxía aplicada, que ten como fin o entendemento dirixido, ten de recorrer moitas veces a afirmacións histriónicas (ás veces prexuzos) para facerse valer. Agradéceselles aos textos, de todos os xeitos, que dialoguen amplamente con traballos pouco difundidos na academia galega (Geneviève Fraisse, Anna Jonnardottir, Andrew Dobson) e que poñan as devanditas tácticas discursivas ao servizo de debates indispensables. Concluindo con Terry Eagleton e as súas verbas balsámicas arredor do asunto: “Se as ideoloxías tantas veces implican falsidades, será en parte porque a maioría da xente non somos cínicos” (tradución, e verbo en primeira persoa de plural, da autora). // **Helena Miguélez Carballeira**